

# ABRACADABRA

AS BICIS NON SON  
SÓ PARA O VERÁN

RELATO

PASATEMPOS:  
CHISTES, SOPA DE  
LETRAS, DIFERENZAS...

RECEITA

GALERÍA DE FOTOS

QUE HAI DE NOVO?



Deputación  
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

# AS BICIS NON SON SÓ PARA O VERÁN

Unha **cruiser** sería unha pasada... áinda que... unha **BMX**... pero claro, só para piruetas... mmmmm non sei... talvez unha **fixie**... sen necesidade de cambios... Ola!!!! Non vos vin chegar. Estou a mirar bicicletas, porque agora que chega o verán, non son nada sen unha... Non opinades o mesmo? Pero atopar bici non é tan doado como se podería pensar... Sabedes cantos tipos diferentes de bicicletas existen? Non vos facedes unha ideal!!! Case, case, fai falla un máster para poder atopar a bicicleta perfecta... e nin así... Por exemplo, están as de **estrada** ou **rutas**, que son as que utilizan os ciclistas profesionais. Son bicicletas de velocidade e utilizanse habitualmente para a práctica deportiva na estrada. A verdade, é que esteticamente parécenme moi bonitas... Despois, están as de **montaña**, tamén coñecidas como **MTB** ou **BTT**, que están deseñadas para o seu uso en terreos irregulares, de terra, tipo carreiros ou así. Vaia, que son as típicas para andar polo monte. Estes dous tipos son os más coñecidos. Ata aquí a elección podería ser más ou menos doada. Por onde a vas utilizar, por asfalto ou por terra? Por estrada ou por monte? Pero é que, en realidade, non fixen más que empezar... Así, nesta mesma liña, están as bicicletas de **descenso**, **all mountain** ou **enduro**, moi parecidas ás de montaña, pero pensadas para facer descensos trepidantes a gran velocidade e grandes saltos.

Aínda que para saltos, as **BMX** ou **Bike Motocrós**, de pequeno tamaño e moi lixeiras, que están concibidas, precisamente, para facer piruetas e saltos. E, a pesar de que nacen nas pistas de terra, hoxe engloban unha chea de especialidades acrobáticas, desde o dirt, o park, o Freestyle,... polo que cada variante se practica en distintos terreos: ramblas, pistas,... Ah!!! E está clasificado coma un deporte extremo!!! Non sei eu se será a más adecuada para min... Outro tipo de bicicletas, son as **fatbikes**, tamén unha variedade das bicis de montaña, pero coas lamias\* moi gordas, que lles permiten rodar por terreos brandos e irregulares como neve, barro, area ou rocas soltas. A verdade é que ten que ser unha sensación moi chula andar en bicicleta sobre area ou neve... Sigamos.

Tamén están as de **Tríatlon**, moi parecidas ás de estrada, pero con matices. De feito, o ángulo de inclinación da sela (asento da bicicleta) é diferente, así como a lonxitude do cadro e a postura do guiador\*\*. Por que? Pois, para poder levar unha posición más relaxada, sobre todo en brazos e tronco e forzar menos os isquiotibiais, xa que os triatletas veñen dun gran esforzo nadando, e áinda lles queda correr!!!

Que máis? Pois tamén están as de **ciclocrós** e **gravel**, que, áinda tendo lixeiras diferenzas entre elas, ambas veñen ser un pouco unha mestura entre as de estrada e montaña xa que manteñen unha xeometría típica das bicis de estrada, pero con rodas más anchas e con tacos que lles permite meterse por camiños de terra, sobre todo as de ciclocrós.

Tamén as **híbridas** van un pouco nesta liña, áinda que o seu cadro é más parecido ao das de montaña que ao das de ruta. Tamén están as de **paseo**, que como o seu nome indica, están pensadas para pasear ou moverse comodamente pola cidade. Son as típicas bicicletas de cestiño e timbre. Pola súa banda, as de **cicloturismo** son, un pouco, unha mestura entre as de paseo e as de montaña. A súa xeometría pódese parecer más a unhas ou a outras, pero en calquera caso, están pensadas para levar unha posición más ergueita e cómoda. Dentro deste tipo, están as bicicletas típicas para percorrer unha vía verde e as que se utilizan para viaxar, que mesmo poden traer alforxas.

Que! Como ides? Non vos sae fume pola cabeza con tantos tipos de bicicletas? Pois áinda hai máis!!!

Así, están as **mini veo**, que áinda tendo un cadro tradicional, as súas rodas son más pequenas, o que as fai más áxiles e facilita o control, polo que son perfectas para moverse entre o tráfico dunha gran cidade e, ademais, ocupan menos espazo. Áinda que se o que buscas é unha bici que ocupe pouco, mellor as **pregables**, xa que se poden compactar e

\* Lamia: Lámina de ferro que rodea a roda para protexela.

\*\* Guiador: Peza da bicicleta ou da moto, situada na parte dianteira, na que se apoian as mans para guiar.



ocupan o mínimo. Tamén adoitan ter rodas pequenas e como no caso anterior, son ideais para utilizar como medio de transporte urbano, coa facilidade engadida que ao encartarse podes mesmo metelas no autobús se se che pon a chover a cachón. E claro, neste sentido, as **eléctricas** ou **e-bikes** tamén están xenial, xa que, por unha banda, poden ter calquera forma e estar destinadas a calquera uso, e doutra banda, contan cun sistema eléctrico que facilita o desprazamento con menos esforzo, ou mesmo con ningún!

Vexamos, que máis? Ah! Si. Tamén están as **fixie**, con estética similar ás de estrada e pneumáticos mixtos que permiten agarre tanto en asfalto como en terreo areoso. Iso si, son de piñón fixo. Isto quere dicir que teñen só unha velocidade e que non se pode deixar de pedalear, xa que os pedais e as rodas móvense xuntos. Pola súa banda, as **single-speed**, veñen ser como as fixie, só que con roda libre, é dicir, a roda traseira segue virando áinda que se deixe de pedalear. Logo, están as **cruiser** ou **beach cruiser**, cun deseño de liñas grosas e rodas anchas. Algunhas imitan as liñas das Harley Davidson. Estas bicis son ideais para surfeiros e surfeiras xa que son moi fáceis de controlar, mesmo na area, o que lles permite levar a táboa nunha man. Tamén están as **recumbente**, que son bicis reclinadas nas que se adopta unha posición recostada. Sen dúbida, son más aparatosas, pero din que se probas unha non a deixas nunca... Haberá que probala...


Vaial! Xa se me foi outra vez o tempo... En fin, como vedes, hai moitos tipos de bicicletas, e iso que non falei dos **tándem**, das **bicis de cargo** (unha boa solución para o transporte de cousas na cidade), ou das **de equilibrio** que non teñen pedais e son coas que adoitan empezar as crianzas... pero téñome que ir... E, o peor, é que aínda non decidín que bici quero!!!! Se atopades algún outro tipo de bicicleta que pensedes que me pode ir ben avisádemel. A ver se consigo escoller unha antes de que acabe o verán! Xa vos contarei.

Vémonos no próximo número. Feliz verán a todos!!!!

E agora, para os que xa decidistes cal é a vosa bici, recomendámosvos a guía «*Mi primer manual de bicicleta*», moi práctica para levar, ben sexa a dar unha volta, de excursión ou de vacacións. Esta guía está chea de actividades, consellos do mantemento da bici e de técnicas ciclistas.

Listos para a aventura?

Atópao na Biblioteca. Sinatura 79 McM bib / a.



## RELATO

### EL PROTECTOR DE GALICIA

Eran las diez de la noche en la ciudad de La Coruña, estaba todo desierto, cuando de repente apareció un barco pirata acercándose a la Torre de Hércules. Su capitán, Joseph Cork, conocido y muy temido por llevar siempre consigo una espada hecha con los huesos del orcadix, un feroz monstruo marino de las profundidades, llamó a su tripulación y les dijo: Llamad a los piratas que están en tierra y decidles que ya pueden salir.

Los piratas querían expandirse por toda Galicia, desde Santiago de Compostela hasta la muralla de Lugo, la costa de Pontevedra y la frontera de Orense con León. Cork dijo: Nos apoderaremos de toda Galicia, que erá nuestra. ¡Ja, ja, ja!

Entonces apareció un niño, pero no un niño cualquiera, y le dijo a Cork: Me llamo Drolbin y soy el guardián de la Torre de Hércules. Será mejor que os vayáis u os ocurrirá algo malo. Entonces empezó a tocar una gaita que siempre llevaba con él y con la que convocababa a la meiga más poderosa, la temible Xula. La meiga, con sus poderes, hizo despertar al guardián de las profundidades, un gigantesco pulpo. Del agua asomó una cabeza enorme y ocho largos tentáculos. Los piratas que estaban en tierra volvieron con sus espadas para asustar al pulpo, pero no lo consiguieron. Cork quería escapar con su tripulación en el barco, pero el pulpo golpeó la popa del barco con uno de sus tentáculos, haciéndole un gran agujero, lo que hizo que el barco se hundiera poco a poco. Cork quedó flotando en el agua agarrado a un barril de madera y gritó: ¡Me las pagarás! ¡Volveremos y la próxima vez no podrás con nosotros!

¡Aquí os esperaré!, dijo el niño, porque Cork no se daba cuenta que desde ese momento Drolbin se convertiría en protector de Galicia y no permitiría que ningún pirata entrara por la costa.



Raúl Luna (11 años).

# PASATEMPOS

## 7 DIFERENZAS\*

E xa estamos aquí de novo cos pasatempos máis ciclistas deste verán.

Para empezar propoñémosvos que atopedes as 7 diferencias que teñen estas dúas imaxes. Seredes capaces? Seguro que si!!!



## CHISTES

Aquí están os chistes que nos fostes deixando para rir a esgalla:

Después de una intensa, dura y larga ruta, llega un ciclista muy cansado a un bar que estaba lleno de gente, y le dice al camarero: ¡Camarero, por favor!  
 —¿Sí?— Contesta el camarero  
 — ¿Me da una caja de fanta?  
 — ¿De limón o de naranja?  
 Y el ciclista dice: Me da igual, es para sentarme.

— ¿A qué te dedicas?  
 — Soy ciclista de alto rendimiento.  
 — ¡Wow! ¡qué cool!  
 — Sí, ¡me subo a la bicicleta y ahí mismo me rindo!

—¿Sabes que mi hermano anda en bicicleta desde los dos años?  
 —Sí? ¡Pues ya debe estar bastante lejos!

Un niño va en bicicleta y le dice a su madre:  
 — ¡Mamá!, ¡Mamá! ¡sin manos!—, soltando el manillar.

— ¡Mamá!, ¡Mamá! ¡sin piernas!— separando los pies de los pedales.

En eso se cae y al levantarse le dice:  
 — Mamá!, ¡Mamá! sin dientes...

¿Sabes que es lo más duro de aprender a andar en bicicleta?  
 El suelo...


## SOPA DE LETRAS\*

E agora, propoñémosvos que atopedes 7 tipos de bicis que están escondidas nesta sopa de letras.

S	I	R	O	Z	E	V	I	Ñ
E	B	A	I	S	N	R	A	U
F	A	T	B	I	K	E	M	I
I	R	A	T	Q	U	I	E	S
Ñ	E	L	U	I	V	X	A	O
O	N	O	L	T	A	I	R	T
R	D	M	I	E	D	F	O	T
F	U	S	Q	A	V	U	W	E
I	R	I	A	N	E	A	D	I
M	O	R	E	S	I	U	R	C
U	D	I	F	O	M	T	O	G

## ADIVINA\*

E esta adiviña que nos deixa Diego:



# RECEITA

## MELON "ON THE GLASS"

### TEMPO

20 minutos + 4 horas de conxelación

### NECESITAS


Para 4 persoas

- 600 g de polpa de melón (1/2 melón grande aprox.)
- 60 g de azucré
- 150 ml de auga mineral
- 4 limas
- 2 poliñas de menta



### COMO SE FAI?

1. Quenta 1 cunca pequena de auga co azucré ata que este se dilúa. Rela a pel da lima. Corta as limas pola metade e espreme o zume. Vérteo nunha cunca coa auga con azucré e engade o resto de auga, o relado de lima e as follas de menta picadas.
2. Vérteo nun molde para cubos de xeo e deixá no conxelador unhas 3 ou 4 horas.
3. Retira a pel do melón, córtalo en cuarteiróns e logo en dados. Tritura co batedor eléctrico ata obter zume de melón e reserva na neveira.
4. Á hora de servir, verte o zume de melón en vasos (enchendo dous terzos) e engade abundantes cubos de lima. Decora cunha poliña de menta e serve rapidamente.
5. Ummm! Verás que fresco e rico!!!



Unha receita máis que podes atopar no libro de receitas súper divertidas para días moi especiais,

**"¡Cocinar es una fiesta!" Dispoñible na biblioteca  
641.5 LAP coc / v.**

## GALERÍA DE FOTOS


Parabéns a todos os gañadores e gañadoras dos concursos e sorteos realizados estes meses na biblioteca!!!



**Alicia Romero.**  
Gañadora do Primeiro  
Premio do IX #Concurso 140 en positivo!



**Ada Maceiras.**  
Gañadora do Segundo  
Premio do IX #Concurso 140 en positivo!



**Inés e Diego Insua.**  
Recibindo o mapa por xogar  
na celebración do Día de Europa.



**Raúl Luna.**  
Gañador do sorteo #Estoulendo para a  
celebración do Día do Libro.

# QUE HAI DE NOVO...?

\* **ACTIVIDADES.** Este verán, volven os tan esperados “**OBRADOIROS DE PINTURA**” impartidos por Luisa Valdés. Se tén de 9 a 14 anos, agardámoste! Son dunha semana de duración en horario de 11.00 a 13.00 h. Infórmate na biblioteca, na web ou chama ao 981 080 171.

\* **CITA.** Para levar libros en préstamo pide unha cita, así non terás que esperar e se queres terás o material preparado cando o veñas buscar, é moi sinxelo: <https://www.dacoruna.gal/cita-previa>

- Preme en “Acceso Servizo Cita Previa”.
- En Oficina selecciona “Biblioteca Provincial”.
- Eixe o trámite que queres.
- Para préstamo pica en “Préstamo menores 18 anos” e se sabes os materiais que queres, podes indicalo no campo “Comentarios”.


\* **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tes **máis de 15 anos** e queres solicitar o préstamo dixital de libros, é moi sinxelo, só precisas un correo electrónico e un dispositivo compatible (ordenador persoal, teléfono móvil, tableta ou lector de libro electrónico) e poderás descargar contidos e ler en liña. [Infórmate na biblioteca](#).

\* Lembra que podes colaborar coa nosa revista Abracadabra. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, adiviñas... déixaas na Sección Xuvenil e publicarémolas no próximo número da nosa revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede:



## SOLUCIÓN DOS PASATEMPOS



B									
F	A	T	B	I	K	E			
				T			I		
E							X		
N	O	L	T	A	I	R	T		
D				E		F			
U					V				
R						A			
O	R	E	S	I	U	R	C		G

**ADIVIÑA** Unha Cacatúa

BTT, fatbike, fixie, triatlón, enduro, cruiser, gravel



POR CERTO, DÉSTEVOS CONTA  
DE QUE XA IMOS POLO NÚMERO 50  
DA NOSA REVISTA!!!  
CANTOS RECORDOS...

Abracadabra №29

Abracadabra №30

Abracadabra №31

Abracadabra №32

Abracadabra №33

